

# Bases das axudas á dixitalización de partituras

## Convocatorio 2020

Nesta convocatoria o total das axudas terá unha contía de 40.000 euros
------------------------------------------------------------------------

### Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por **editores de música socios da SGAE** que desenvolvan a súa actividade principal con obras de música orquestrais, de cámara e outros formatos de concerto. Así, terán cabida as propostas que se enmarquen no campo da música clásica actual (entendendo por tales obras orquestrais, de cámara e outros formatos de concerto). Quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular.

Un editor non poderá recibir, no conxunto de axudas ofrecidas pola Fundación SGAE, máis dunha axuda no mesmo ano, coa única excepción das axudas recibidas en concepto de *Axudas a viaxes para a promoción internacional*, cuxa recepción si que é compatible coa doutras axudas.

### Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria os proxectos enviados por editores socios da SGAE (ver cláusula Primeira) que estean orientados á dixitalización dunha obra musical ou dun conxunto de obras, de música para orquestra sinfónica, agrupacións de cámara (ópera, zarzuelas e ballets) e para banda sinfónica de música clásica. Debe de tratarse de obras orixinais de autores membros de SGAE das que o editor ostente dereitos de edición por subscribir cos autores o correspondente contrato de edición musical. Non se admitirán obras adaptadas, arranxos, versións, etc. Tampouco se poderán incluír obras xa dixitalizadas.

O proxecto deberá ser presentado acompañado dunha descrición deste xunto cunha declaración xurada do editor (segundo o modelo que se anexa nestas bases como Anexo 1), aseverando que as obras que se presentan á axuda para a súa dixitalización non se atopan xa dixitalizadas. O proxecto debe realizarse entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

### Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada solicitude non poderá superar os 1.500 € (impostos incluídos). O pago realizarase segundo o establecido na cláusula oitava destas mesmas bases, mediante factura vinculada ao convenio que debe subscribirse e aplicando as oportunas retencións de IRPF.

### Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Copia do cartón do CIF.
3. En caso de editores persoas xurídicas, copia autorizada da escritura que acredite que a persoa que asine o convenio representa a editorial ben sexa por ser administrador ben sexa por ser apoderado, e calquera que sexa a forma xurídica da editorial (mercantil, asociación ou fundación). A escritura deberá constar debidamente inscrita no rexistro que corresponda (Rexistro Mercantil, Rexistro de Asociacións ou Rexistro de Fundacións).
4. Descrición do proxecto para o que se solicita a axuda e cronograma. Incluindo:

- Relación de obra ou obras para dixitalizar, facendo constar polo menos: autor/a, título, lugar, editorial e ano de publicación.
  - Número e características das imaxes que se van a xerar como resultado do proxecto. Tamaño dos documentos orixinais (A4, A3, etc.).
  - Estado de conservación dos exemplares orixinais que se van dixitalizar.
  - Nome e URL no que se van cargar as obras.
5. Orzamento detallado de custos.
  6. Contrato de edición que acredite os dereitos sobre as obras ou documento emitido pola SGAE que acredite que as obras están inscritas ao seu favor como editor/a destas.
  7. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
  8. Declaración xurada do/a editor/a (Anexo 1).
  9. Autorización asinada polo/a solicitante a favor da Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web da Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.

#### **Quinta: criterios de avaliación**

Para a avaliación dos proxectos recibidos, valorarase a calidade do conxunto do proxecto. Ademais, terase en conta a súa viabilidade segundo os orzamentos presentados, a potencial repercusión sociocultural e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados.

#### **Sexta: presentación de solicitudes e prazo**

1. O formulario de solicitude estará dispoñible na web da Fundación SGAE [www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org). Deberá usarse o formato electrónico do formulario. É necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE acusará recibo de todas as solicitudes e notificaralle a aquelas que non presenten toda a documentación esixida os documentos que falten. O/a solicitante ao/á que se lle indique que non está completa a documentación presentada coa solicitude, terá como prazo máximo para emendala quince (15) días naturais que se contarán desde o día seguinte á data en que a Fundación SGAE lle comunicase a falta dalgún documento. No caso de non ser emendada a solicitude no prazo indicado, esta quedará desestimada.
2. O prazo de presentación das solicitudes para esta convocatoria 2020 de axudas á dixitalización de partituras iniciárase o venres 2 de outubro de 2020 e manterase aberto ata as 24:00 h do luns 30 de novembro de 2020. As solicitudes recibidas fóra de prazo serán desestimadas.

#### **Sétima: procedemento e resolución de solicitudes**

1. Un Comité de Avaliación encargárase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.
2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución seralles comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.

#### **Oitava: formalización da colaboración**

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pago.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final, así como memoria económica do proxecto con copia das facturas de provedores con que o/a editor/a conte para a dixitalización).
6. Enviar un USB con copia de difusión das partituras dixitalizadas.

A Fundación SGAE solicitaralle ao beneficiario da axuda a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para proporcionar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde que a Fundación SGAE a solicítase. Se o/a seleccionado/a non entrega a documentación nese prazo, perderá o dereito á axuda. Toda a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a Fundación SGAE faralle chegar ao beneficiario da axuda o convenio para subscribir entre as partes. O/a beneficiario/a terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado de documento de pagamento ou factura (segundo o caso) para o cobro da axuda. A non entrega do convenio ou do documento ou factura para o pagamento no citado prazo faralle perder ao/a beneficiario/a a axuda.

#### **Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais**

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos, e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención de Servizos xurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

#### **Décima: normas xerais**

1. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita deste das condicións.
2. O solicitante exime á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incurrir o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.

## ANEXO 1

### DECLARACIÓN XURADA DO/A SOLICITANTE DE AXUDA

Don/Dona.....  
....., maior de idade, e con DNI/NIE núm....., actuando en nome e representación da editorial musical.....na miña condición de.....(administrador/a-apoderado/a) da entidade con domicilio na rúa.....e CIF número.....

#### DECLARO:

1.- Que asevero que toda a información que lle facilito á FUNDACIÓN **SGAE** sobre as obras que presento á convocatoria de axudas para a súa dixitalización é veraz.

2.- Que asevero baixo a miña responsabilidade que ningunha das obras que presento a esta convocatoria de axudas está previamente dixitalizada.

3.- Que de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos meus datos persoais e disposicións complementarias, autorizo o uso dos meus datos persoais na medida en que sexa necesario para tramitar a solicitude de axuda. Coñezo que podoo exercer os meus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade e como non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada diante a **FUNDACIÓN SGAE** ou **SGAE** dirixindo un escrito aos Servizos Xurídicos da Fundación SGAE e SGAE ao domicilio social da entidade na rúa Bárbara de Bragança, núm. 7, C.P. 28004, Madrid (España).

E para que así conste, obrigándome e asumindo todo o que nela manifesto, **asino esta declaración.**

....., ..... de..... de 2020

Asinado:

Para máis información: [ayudas@fundacionsgae.org](mailto:ayudas@fundacionsgae.org)